



TRABALLO SOCIAL GRUPAL E COMUNITARIO CON PERSONAS INMIGRANTES E SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL NA CIDADE DE OURENSE

**TRABAJO SOCIAL GRUPAL Y COMUNIRATIO CON PERSONAS INMIGRANTES Y
SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONALEN LA CIUDAD DE OURENSE**

**GROUP AND COMMUNITY SOCIAL WORK WITH IMMIGRANTS AND APPLICANTS
FOR INTERNATIONAL PROTECTION IN THE CITY OF OURENSE**

Ainhoa Vieites Vidal - Traballadora social

ainhoa.vieites.vida@hotmail.com

RESUMO

A presente investigación derivada dun TFG, pretende revelar a importancia das redes de apoio dentro dos grupos sociais, e de fomentar vínculos grupais e comunitarios coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. O obxectivo principal do estudo é o de analizar as prácticas existentes do traballo social comunitario e grupal nas entidades do Terceiro Sector que traballan con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense, así coma coñecer cal é o papel que adoptan as profesionais. Realizouse un estudo cualitativo empírico a través de entrevistas semiestruturadas a oito profesionais de diversas entidades do Terceiro Sector da cidade de Ourense. Os resultados mostran que as entidades levan a cabo actividades grupais formativas, lúdicas e de apoio mutuo, facilitando o sentido de comunidade e de pertenza entre as persoas participantes. Ademais, obsérvase coma as actuacións de sensibilización e comunitarias interculturais fomentan o respecto mutuo, a creación de vínculos coa sociedade de acollida, e deconstruír discursos de odio e prexuizos.

PALABRAS CHAVE

Persoas inmigrantes, protección internacional, grupos, comunidade, entidades do terceiro sector.

RESUMEN

Esta investigación derivada de un TFG pretende revelar la importancia de las redes de apoyo dentro de los grupos sociales, y de fomentar vínculos grupales y comunitarios con las personas inmigrantes y solicitantes de protección internacional. El objetivo principal del estudio es el de analizar las prácticas existentes del trabajo social comunitario y grupal en las entidades del tercer sector que trabajan con población inmigrante y solicitante de protección internacional en la ciudad de Ourense, así como conocer cuál es el papel que adoptan las profesionales. Se realizó un estudio empírico a través de entrevistas semi-estructuradas a 8 profesionales de diversas entidades del tercer sector de la ciudad de Ourense que habían trabajado con la población objetivo. Los resultados muestran que las entidades llevan a cabo actividades grupales formativas, lúdicas y de apoyo mutuo, facilitando el sentido de comunidad y de pertenencia entre las personas participantes. Además, se observa como las actuaciones de sensibilización y comunitarias interculturales fomentan el respeto mutuo, la creación de vínculos con la sociedad de acogida, deconstruyen discursos de odio y prejuicios.

PALABRAS CLAVE

Personas inmigrantes, protección internacional, grupos, comunidad, entidades del tercer sector.

ABSTRACT

This research derived from a TFG aims to reveal the importance of support networks within social groups, and of fostering group and community ties with immigrants and applicants for international protection. The main objective is to analyze the existing practices of community and group social work in third sector entities working with immigrant population and applicants for international protection in the city of Ourense, as well as knowing the role of professionals. An empirical study was conducted through semi-structured interviews with 8 professionals from various entities in the third sector of the city of Ourense who had worked with the target population. The results show that the entities carry out group activities of formation, play and mutual support, facilitating the sense of community and belonging among the participants. In addition, awareness-

raising and intercultural community activities promote mutual respect, the creation of links with the host society and deconstruct hate speech and prejudice.

KEYWORDS

Immigrants, international protection, community, third sector entities.

INTRODUCCIÓN

A cidadanía estase redefinindo no marco da globalización nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, pp. 49-55). Actualmente, existe a necesidade de recoñecer os procesos migratorios e contextos culturais das persoas migrante, para que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308), xa que, a finalidade do traballo social, sería a loita contra as situacións de exclusión social, promovendo a xustiza social, o fortalecemento das redes de apoio e vínculos comunitarios (Rodríguez, 2016, p. 66).

Este estudo está composto en dúas partes, por unha banda abordarase unha revisión teórica para profundar na realidade actual da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, así coma, unha revisión do traballo social grupal e comunitario con esta poboación. Por outra banda, existe unha parte de investigación cualitativa, cunha metodoloxía de carácter descritivo-exploratoria a través das 8 entrevistas semiestruturadas realizadas ás profesionais de entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. Tamén realizarase un apartado adicado aos resultados acadados, a discusión dos datos recollidos no proceso de revisión teórica e metodolóxica, e, por último, procuráronse resolver os obxectivos de investigación a través dun apartado de conclusións finais.

Con todo este traballo, preténdese facer visible as múltiples realidades que vive esta poboación e, a necesidade de xerar novas prácticas de tipo comunitario e grupal dentro da disciplina do Traballo Social e nas entidades do terceiro sector, co fin último de

abordar os novos contextos comunitarios que actualmente imperan dentro da Galiza e, sobre todo, en Ourense.

1. OBXECTIVOS DE INVESTIGACIÓN

Obxectivo xeral:

- Analizar as prácticas existentes do traballo social grupal e comunitario con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense e o papel que adoptan as profesionais do traballo social.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense.
- Identificar as prácticas comunitarias e grupais existentes nas diversas entidades sociais da cidade de Ourense con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional.
- Describir o papel e as boas prácticas dende o Traballo Social.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. Poboación Inmigrante e Solicitante de Protección Internacional: Significados e Realidades.

A Organización Internacional para as Migracións (OIM), define o termo migrante como “toda persoa que se cambia do seu lugar de residencia habitual, xa sexa dentro do seu país ou a través dunha fronteira internacional, de maneira temporal ou permanente, e por diversas razóns” (OIM, 2023). Autores coma Peláez e Sanz (2018), indican que “a migración é sen dúbida un dos fenómenos ambivalentes que máis ten modificado a sociedade española” (p. 47).

Lacomba (2020), comenta o feito de que existen múltiples diversidades dentro da poboación inmigrante, dende inmigración económica ata menores non acompañados, refuxiados e determinados grupos de poboación con vulnerabilidades diversas (p.309).

Actualmente, existen múltiples tipos de desprazamentos, orixinados por diversas causas. A diferenza fundamental entre unha persoa denominada como inmigrante e unha persoa refuxiada enténdese no feito en que esta segunda sae do seu país debido a temores fundados de ser perseguida. Por todo isto, as necesidades e os procesos migratorios poder ser diferenciados (Sánchez, 2018, p.112).

Como sinala Montes (2022), a migración non só comprende un cambio de contexto, senón que involucra unha transformación central na vida da persoa, alterando a súa vida, a concepción de si mesma, e a forma na que se interrelaciona con outras persoas. Deste xeito, o proceso migratorio converxe un conxunto de perdas e ganancias para a propia persoa (pp. 24-26). As identidades e construcións culturais da persoa vense fragmentadas ao intentar relacionarse coa sociedade receptora, emerxendo unha dicotomía entre as dúas realidades da persoa. Estes cambios aos que a persoa vese na obriga de afrontar dan lugar ao denominado *dó migratorio*; comprendido como unha “situación de estrés e frustración que somete á persoa que migra a cambios múltiples e permanentes ao mesmo tempo”. Entre os factores influíntes que ocasionan o nacemento desta situación, cómpre salientar a situación administrativa da persoa na sociedade de acollida, a existencia ou inexistencia de redes sociais de apoio, o nivel de comunicación e habilidades sociais que ten a persoa, o seu desenvolvemento profesional etc. (Montes, 2022, p. 28).

É salientable o feito de que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional afrontan dificultades no proceso de adaptación á sociedade de acollida. Esta dificultade é debido a diversos factores como: “o descoñecemento do idioma de acollida, a falta de regularización administrativa, as dificultades para acceder a un emprego digno e o debilitamento coa rede de apoio có país de orixe” (Maya *et al.*, 2013, p. 87). Con todo, a dificultade de adaptación aos ritmos e formas de facer da sociedade de acollida acaba xerando situacións de exclusión social. Estas situacións de exclusión funcionan como “fenda para a integración comunitaria, reducindo os estímulos para a identificación coas comunidades de referencia” (Maya *et al.*, 2013, p. 77).

Ao falar da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, cómpre destacar o feito de que a fronteira da nacionalidade existe e emprégase en

determinadas ocasións como vara de medir dentro dos procesos de inclusión e exclusión da vida social e económica da sociedade, onde a característica de nacionalidade usase co obxectivo de negar dereitos (Peláez e Sanz, 2018, p. 48). Trátase da existencia dun acceso diferencial a recursos segundo cada grupo e perfil migratorio. Igualmente, a cidadanía estase redefinindo no marco da globalización nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, p. 49). Moitas veces, as políticas públicas migratorias reproducen o etnocentrismo e androcentrismo occidental, illando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. Dende esta visión, Peláez e Sanz (2018), afirman que “o emprego e o traballo convértense no principal criterio que xustifica a inclusión e os dereitos cidadáns” (p. 55).

Tendo en conta afirmacións coma que “os ordenamentos xurídicos son un dos principais moldeadores e organizadores das traxectorias sociais e das oportunidades vitais das persoas inmigrantes” (Peláez e Sanz, 2018, p. 52), é importante, mencionar a regulación xurídica estatal en materia de inmigración. Nesta, existe a Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, sobre os dereitos e as liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, o artigo 14.2 afirma que “os estranxeiros residentes teñen dereito aos servizos e ás prestacións sociais, tanto ás xerais e básicas como ás específicas, nas mesmas condicións que os españois” (Lei orgánica 2/2009, Boletín Oficial do Estado, 2009). Así mesmo, a lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria, recolle a definición da condición de refuxiado como “toda persoa que, debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a un determinado grupo social, xénero, orientación sexual e/ou identidade sexual, encóntrase fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, a causa de ditos temores, non quere acollerse á protección do seu país de orixe ” (Lei 12/2009, Boletín Oficial do Estado, 2009).

Tras facer esta breve revisión normativa española, cómpre observar a visión que a sociedade ten sobre este fenómeno migratorio. A sociedade concibe a mobilidade dende unha visión prexudicial, coma unha crise migratoria (Lacomba, 2020, p. 319). O imaxinario colectivo dos países de acollida de persoas inmigrantes é concibido dende un

valor produtivo (utilitarista), que acaba desbotando as riquezas culturais e sociais que xorden ao interrelacionarse. Deste xeito, acabase impoñendo obrigas a un sector da cidadanía que acaba botando por terra o dereito a escoller o seu propio destino (Gascón, 2006, p. 99). Por outra banda, existe a visión dos movementos migratorios coma unha contribución cara unha nova orde social, xerando unha sociedade máis intercultural, diversa e flexible (Gascón, 2006, p. 99).

2.2. Sinerxías coas Comunidades: O papel do Traballo Social

No contexto social actual, os denominados horizontes colectivos e os intereses xerais desaparecen, polo que as persoas acaban procurando solucións de carácter individual (Marchioni *et al.*, 2013, p. 62). Deste xeito, é imprescindible loitar contra o debilitamento dos vínculos sociais e o aumento de situacións de desigualdade, empregando a Intervención Comunitaria coma ferramenta de “mellora das condicións de vida da poboación interesada” (Marchioni *et al.*, 2013, p. 59). Igualmente, debe existir unha reflexión sobre o papel que xoga o Traballo Social dentro deste proceso de intervención en comunidades multiculturais, debido a que, “lonxe de ser neutro, ten unha dimensión política, que produce subxectividades e é, en si mesmo, un mecanismo importante no goberno do social” (Peláez e Sanz, 2018, p. 52).

Segundo a autora Rodríguez (2016), “o traballo social contempla, un conxunto de principios e fundamentos dos dereitos humanos e unha ética do compromiso coa cidadanía, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns” (p. 66). Así, a finalidade do traballo social sería a loita contra as situacións de exclusión social, promovendo a xustiza social, o fortalecemento das redes de apoio e vínculos comunitarios (p. 66). Noutras palabras, existe unha necesidade de recoñecer os procesos migratorios e contextos culturais, para que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308). Por outra banda, descríbese coma abordar unha metodoloxía propia dende o Traballo Social para o acompañamento social con poboación mígrante é indispensable, debido a que permite comprender o dó migratorio coma un tránsito da persoa, e non coma un compoñente negativo de saúde mental (Montes, 2022, pp. 25-33).

Considérase que a intervención individual e familiar debe ser conectada coa comunitaria, propiciando que as persoas, familias e grupos sexan partícipes nas dinámicas de acción social comunitaria (Gascón, 2006, p. 104). Autores coma Maya *et al.* (2013), afirman que: as persoas que desenvolven unha identificación positiva coa contorna comunitaria adoitan dispoñer de maior percepción de control e mellores estratexias de afrontamento ante o estrés. Inclusive, o sentido de comunidade relaciónase cunha mellor situación do barrio en termos de participación, organización comunitaria e necesidades sociais. Polo que, os barrios máis cohesivos e organizados están máis capacitados para absorber nova poboación (pp. 77-78).

O Traballo Social é concibido como unha disciplina orientada cara á transformación social das relacións de desigualdade e dominación, na que a participación da poboación nos seus propios procesos resulta imprescindible. Por ese motivo, as intervencións deben orientarse cara unha “inclusión en equidade” (Peláez e Sanz, 2018, p. 56). Entre as propostas dende o traballo social con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional nos últimos anos, “recupéranse elementos relacionados co traballo comunitario, coma a creación de redes ou de grupos de axuda mutua e auto-axuda, mentres que outras incorporan enfoques de empoderamento, capacidades, dereitos ou xénero”. Ao mesmo tempo, a participación da poboación na acción comunitaria toma en conta o recoñecemento das potencialidades das persoas coma suxeitos activos de dereito (Lacomba, 2020, pp. 308-309).

Coma afirma a autora Rossel (1998), a participación nos grupos promóvese con persoas en situacións vitais, problemas e intereses comúns, para que poidan mellorar a súa situación persoal. Este traballo social grupal pretende promover a axuda mutua, capacitando aos seus membros na mellora da súa participación e presenza social (pp. 103-104). Esta mesma autora identifica catro tipoloxías metodolóxicas dentro do traballo social grupal: os grupos socioterapéuticos dirixidos cara mellorar “as vivencias e a participación social da persoa, desenvolvendo as capacidades persoais”, así coma, os grupos socioeducativos, que promoven a adquisición de “hábitos e habilidades que os membros do grupo non posúen”. Por outro lado, os grupos de acción social, nos que acadar obxectivos sociais acaba sendo a finalidade principal. Por último, os grupos de axuda mutua. Estes son autoxestionados co obxectivo de ofrecer axuda mutua entre iguais

(Rossell, 1998, pp. 112-113). Así pois, para afrontar os mecanismos estruturais de dominación existentes nos espazos multiculturais, os autores Buraschi e Aguilar (2017), propoñen coma elementos chave para transformar a sociedade dende o antirracismo “a reflexividade, a horizontalidade, a corresponsabilidade, e o recoñecemento das identidades e das competencias de todas as persoas involucradas. Deste xeito, estes autores afirman que só mudando as identidades, as relacións interpersoais e intergrupais e a estrutura social, acadarase cunha verdadeira transformación cultural (p. 189).

Ao mesmo tempo, en múltiples ocasións os modelos de integración social incorren en categorizar as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional coma suxeitos débiles, carenciais e vulnerables, condicionando a intervención cara revitimizacións. Non obstante, as intervencións comunitarias deben estar afastadas de prácticas paternalistas e salvacionistas, propiciando que os membros do grupo estigmatizado teñan un papel activo nestas (Buraschi e Aguilar, 2017, pp. 185-187).

Neste proceso de acollida das persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional, a profesional debe acompañar, escoitando o seu proceso migratorio, co fin de comprender as súas demandas e necesidades, tendo en conta as particularidades de cada persoa. Só así, poderanse resolver frustracións e traballar dende as capacidades para lograr un proxecto vital na súa nova realidade, fomentando a diversidade, a cohesión social, o fortalecemento e a liberación das persoas (Montes, 2022, pp. 32-33). Reclámase unha abordaxe colectiva e comprometida coas múltiples realidades existentes (Rodríguez, 2016, p. 66), xa que cada persoa e situación son únicas e inigualables. Deste xeito, a práctica do traballo social vai máis aló de prover recursos, comprometéndose colectivamente coas comunidades (Sánchez, 2018, p. 116).

3. METODOLOXÍA

3.1. Deseño

O presente estudo é unha investigación de carácter descritivo-exploratoria, xa que a finalidade última encóntrase na análise das prácticas existentes do traballo social grupal e comunitario con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense, e o papel que adoptan as profesionais do traballo social. Esta

metodoloxía cualitativa foi constituída empiricamente a través de entrevistas semiestruturadas respecto as liñas temáticas e aos obxectivos de investigación.

3.2. Participantes

As persoas participantes no estudo foron oito profesionais de catro entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. Estas foron elixidas de maneira directa e intencionada, tendo coma criterios de selección que foran profesionais de entidades do terceiro sector da cidade de Ourense, e que traballaran actualmente con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional. As profesionais entrevistadas encóntanse dentro dun intervalo de idade de entre 30 e 49 anos, e contan coa nacionalidade española. Ademais, dentro das oito persoas entrevistadas, cinco foron mulleres e tres homes. Ao preguntar sobre os estudos formativos, atopamos que tres persoas desempeñan a profesión da Educación social dentro da súa entidade, que cinco das persoas entrevistadas son da disciplina do Traballo Social, e que existe unha persoa que posúe tanto o grao de Traballo coma de Educación Social. Tamén, existe unha persoa cunha bagaxe profesional de Traballo, Educación e Integración Social.

Así mesmo, respecto a área de intervención e/ou desempeño profesional dentro da entidade, tres das persoas entrevistadas, pertencen á área da orientación socio-laboral, dous pertencen tanto á área de coordinación coma á social, e que dúas das persoas entrevistadas desempeñan as súas funcións na área social. Por último, unha destas persoas, pertence a área de vivenda da súa entidade.

En canto ao perfil das persoas usuarias/participantes nos programas de cada entidade, pódese afirmar que ou son Programas nos que as persoas inmigrantes e solicitante de protección internacional son a poboación obxectivo das actividades, ou son Programas nos que a poboación inmigrante conforma máis do 50 % das persoas atendidas.

3.3. Instrumentos

O obxecto de estudo abordouse dende un enfoque metodolóxico cualitativo no que as principais técnicas de recollida de información foron a consulta de fontes documentais primarias e secundarias, coma a realización de entrevistas semiestruturadas en profundidade, e a observación. Estas entrevistas procuraron ser o máis flexibles coas

persoas entrevistadas, garantindo a súa máxima confidencialidade e seguindo garantías de protección dos seus datos persoais.

3.4. Análise de Datos

Para a análise e interpretación dos datos cualitativos escolléronse diferentes categorías e subcategorías atendendo as liñas temáticas do guión das entrevistas e aos obxectivos do estudo. En cada categoría discrimináronse unha serie de subcategorías respondendo a indicadores achegados polos distintos informantes, vinculados directamente coas temáticas principais seleccionadas de antemán, tal e como detállase na posterior Táboa 2. Neste momento, comparáronse as respostas cualitativas das oito profesionais entrevistadas facendo uso dun Excel propio. Deste xeito, descartouse a utilización de programas informáticos, realizando a análise e síntese de resultados a través dun Excel.

Táboa 2: Táboa de Categorías e Subcategorías dos bloques temáticos das entrevistas.

Categorías	Subcategorías
Identificación das demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional	Demandas expresadas polas persoas
	Necesidades detectadas polas profesionais
	Ámbitos da exclusión social
Prácticas colectivas e grupais con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional	Vantaxes e Desvantaxes nas prácticas grupais
	Vantaxes e Desvantaxes nas prácticas colectivas/comunitarias
Papel e Boas Prácticas dende o Traballo Social	Papel/rol das traballadoras sociais
	Propostas de boas prácticas dende o Traballo Social

Nota: Elaboración propia a partir dos obxectivos de investigación.

4. RESULTADOS

A continuación, describiranse os resultados acadados segundo os obxectivos da presente investigación, tendo coma base as categorías e subcategorías da anterior Táboa 2.

4.1. Demandas e Necesidades da poboación

En primeiro lugar, respecto a Categoría de **Identificación de demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional**, as profesionais detectan múltiples necesidades dentro de esta poboación. Cómpre salientar que as necesidades son moi diversas, xa que dependen tanto do grupo de inmigración que chegue, coma da súa situación en múltiples áreas da súa vida (...) *“as necesidades dependen do grupo de inmigración que chegue, do seu orixe, das súas condicións persoais, da situación administrativa etc.”* [...] *Ao final pode ser poboación inmigrante que a parte de ter as súas dificultades de idioma, procedencia, cultura, relixión [...] vaia ter tamén problemas de saúde, de discapacidade, problemas legais etc.”E6*

Inicialmente, a demanda principal consiste na cobertura das súas necesidades básicas, respecto a recursos materiais suficientes para vivir dignamente e sentirse cos seus dereitos sociais respectados. Tamén obsérvase a necesidade común respecto a ter unha vivenda digna, unha rede social de apoio e un asesoramento administrativo. A maioría das persoas entrevistadas, expresan a necesidade que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional teñen respecto a conseguir un traballo digno, o permiso de traballo e un acompañamento e asesoramento na procura de este mesmo. (...) *“aquí ven xente moi preparada con carreiras universitarias moi interesantes [...] é xente moi válida a que estamos desprazando laboralmente [...] estamos catalogando as persoas un pouco no sector servizos, e non vemos un pouco máis alá do que poden achegar e dar, e eles mesmos veñen xa como esa lección un pouco aprendida”E1*

Dende outra perspectiva, contéplase que existen unhas **necesidades** que non son demandadas directamente por estas persoas. As profesionais observan coma as persoas inmigrantes teñen a necesidade de ser asesoradas respecto ao contexto socioeconómico e cultural da sociedade de acollida (...) *“relacionadas coa expectativa”* [...] *“hai que educar en como funcionan aquí as cousas”* [...] *“o contexto da sociedade de acollida”* [...] *“a burocracia e a administración”E4.*

Respecto a todas as **barreiras** que vense na obriga de superar, as profesionais observan que existen moitos factores que promoven a exclusión social desta poboación, dende o racismo e a violencia dende a poboación da acollida, coma a marxinalización... *“moitas veces a sociedade de acollida marxina e non sinteempatía”E5*

(...)“vivimos nunha sociedade altamente racista que está creando moita violencia cara estas persoas.”E7 [...] “no que en condicións normais tiña que ser máis sinxelo e doado, está sendo un proceso moi longo. E iso tamén lles desgasta e esgota, e tiran a toalla”E6.

As profesionais describen coma a existencia de códigos culturais, costumes e formas de conduta e de facer diferentes xeran escenarios de choque cultural (...)“mentres que van coñecendo e adaptándose poden haber choques, xa que o temas dos horarios e dos tempos en certos países é diferente ao noso. Entón son concepcións que traen do seu país de orixe que pode excluílos aínda máis”E3 [...] as veces fórmanse guetos sen que nin eles nin nós démonos de conta”E2.

As profesionais tamén observan dificultades relacionadas coas trabas administrativas e os longos procesos de regularización (...)“a cuestión administrativa é un hándicap porque as leis migratorias que hai en España xeran moitas contradicións”E8 (...)“existe unha violencia institucional puramente, dende os servizos sanitarios, servizos sociais, administración de xustiza, e logo, existe o extremo da violencia institucional que é a lei de estranxeiría que temos que non pode haber máis violencia”E7

Paralelamente, exprésase que dentro do imaxinario colectivo da sociedade de acollida existen connotacións negativas sobre estas persoas. Moitas veces promovidos pola desinformación e os medios de comunicación que fomentan imaxinarios errados sobre esta poboación. (...)“hai moitas connotacións negativas que poden xurdir pola desinformación que moitas veces fan os medios de comunicación” E6 (...)“é moi raro que unha persoa migrante participe na vida social da comunidade, que se sinta interpelada polos nosos espazos” (...) “os ven como lugares incomfortables, entón, algo estamos facendo mal”E7

4.2. Prácticas Grupais e Comunitarias con Poboación Inmigrante e Solicitante de Protección Internacional nas entidades do terceiro sector da cidade de Ourense

Cómpre destacar que todas as entidades das profesionais entrevistadas realizan algún tipo de actividade grupal e/ou comunitaria, e que recoñecen o feito de que a rede social é a que sostén as persoas, sobre todo, para as persoas inmigrantes que non teñen ningunha rede de apoio no lugar de acollida. As tipoloxías principais de prácticas grupais

identificadas nas entidades de terceiro sector corresponden a: actividades grupais formativas, actividades lúdicas, grupos de axuda mutua e asembleas. Daquela, existen entidades que avogan pola abordaxe integral, xa que os acompañamentos individuais encóntranse vinculados nas actividades grupais e comunitarias.

Ao considerar que “os grupos teñen vida propia”, pódese comprender como dentro das entidades que realizan actividades grupais con esta poboación hai actividades que nacen coa finalidade de levalas a cabo, e outras actividades grupais nas que existe unha cuestión compartida e común. (...)“*hai actividades que nacen xa cun obxectivo e con persoas que teñen nun principio esa única cuestión en común de participar nesa actividade (actividade lúdica) e outras que nacen dende unha necesidade común, consciente e compartida*”E7

Tendo en conta este feito, as actividades que nacen cunha única cuestión común por parte das participantes serían as denominadas neste estudo coma lúdicas e formativas (obradoiros), xa que, os grupos de axuda mutua e as asembleas son acompañamentos grupais nas que as persoas participantes comparten unhas experiencias e necesidades compartidas.

As **actividades grupais** formativas que as profesionais describen, seguen protocolos de interese, nas que se realizan formacións, charlas ou obradoiros, resolvendo dúbidas comúns e fomentando a educación en comunidade. Polo que, permiten relacionarse, favorecendo un vínculo de apoio entre as persoas participantes. A dificultade as que deben afrontarse serían as necesidades diversas e ao equilibrio da programación da entidade, tendo en conta a gran carga administrativa dos profesionais. As técnicas empregadas nestes grupos, inclúen actividades de alfabetización dixital, roleplay (simulacións usando o modelo socioafectivo), técnicas básicas na procura de emprego etc.

Nas actividades **grupais lúdicas**, as profesionais concordan en que as necesidades das participantes débense de ter en conta, (...)“*detectando o momento do ano onde pode ser preciso desenvolver cada unha delas (...) tendo unha mirada grupal e interdisciplinaria a hora de abordalas*” (...) E5. Ademais, as profesionais sinalan que os acompañamentos grupais encóntranse conformados por persoas derivadas de citas

individuais (...)“nos que o obxectivo é crear unha rede (...) A idea é que unha vez que as actividades se acaben pois o grupo poida continuar no tempo”E3

Nas asembleas coas persoas solicitantes de protección internacional abórdanse conflitos que parecen individuais, pero que son comúns entre as persoas participantes. Polo que, un beneficio das asembleas serían que despersonalizan dalgún xeito, converténdose nunha problemática común. Paralelamente, nestas entidades, os obradoiros posúen funcións contextualizadoras, abordando as demandas propostas polas persoas participantes e as necesidades detectadas polas profesionais: (...)“*os obradoiros posúen tres patas: a contextualización dos recursos da cidade, os resultantes das propostas das persoas participantes respecto unha necesidade, e cuestións que detectamos as profesionais que estarían ben traballar a nivel grupal*”E8

É salientable o feito de que nos acompañamentos grupais débese de traballar previamente con cada membro do grupo, así coma, continuamente, para coñecer os efectos do grupo sobre a persoa e viceversa: (...)“*antes de que formen parte dun grupo, (as profesionais) teñen un contacto con cada persoa para coñecer o punto no que se encontra e para que verbalice que é o que quere (...) moitas veces, chegan demandando ter unha rede, outras en cambio, hai que facer un traballo individual con elas, para despois, formar parte de eses grupos*”E7.

Nos grupos de axuda mutua créanse espazos nos que aínda que haxa grupos de persoas con características diferentes, emerxe un sentimento de comprensión común, porque “comparten o mesmo sentir”. Deste xeito, unhas das **vantaxes** destes acompañamentos grupais sería que teñen un efecto de empoderamento, que vai máis alá do que se poida ter a nivel individual (...)“*porque cada unha aporta o que trae e recolle o das outras (...) ese efecto de empoderamento multiplica fortalezas, e as vulnerabilidades se recollen entre todas e esa carga non é tan pesada*” (...) “*dunha experiencia traumática pódese sacar algo positivo, axudar as outras, proporcionando información, facer sentirte segura etc. , é iso “é moi empoderante*”E7

As **limitacións** que se poden atopar nestes grupos de axuda mutua estarían vinculadas con que non todas as persoas están nun momento vital como para participar nos grupos: “*hai que traballar paralelamente, acompañando individualmente (...) xa que*

no grupo van escoitar situacións moi dramáticas e nun momento inicial poden cargar con todas esas historias”E7

A concepción dun gran número das persoas entrevistadas respecto as **actuacións comunitarias** corresponden a realizar actividades de sensibilización: (...)“*falamos dende as ONG, da importancia de facer actividades de sensibilización porque está estendido no ideario colectivo, o modelo asimilacionista de que se teñen que adaptar os costumes da sociedade de acollida”E5*

Dentro destas prácticas comunitarias, obsérvase coma algunhas entidades realizan actuacións de desenvolvemento comunitario con asociacións veciñais, de sensibilización entre as persoas que residen no municipio e as persoas participantes no programa etc. Así mesmo, existen actuacións que teñen que ver coa facilitación de información para realizar actuacións lúdicas, formativas. Non obstante, nunha das entidades do terceiro sector afirmase que os seus orixes marcan os seus xeitos de facer, xa que: “*nace dos movementos activistas, da rúa”E7*. Desta forma, esta entidade “*convida as persoas e ao seu contexto a participar na vida activista, e noutros lugares onde participa comunitariamente, co fin de crear redes tamén fóra da propia entidade”E7*.

No desenvolvemento das **prácticas comunitarias**, avógase por facer actividades interculturais, nas que exista un intercambio. Así mesmo, dende a meirande parte das entrevistadas, o comunitario permite innovar dende o Traballo social: (...)“*fuxindo da burocracia, tendo unha relación máis horizontal e próxima coas persoas que estás querendo acompañar”E5* (...)“*intentamos que a persoa teña unha apertura cara a sociedade e reciprocamente”E1* (...)

Algunhas das profesionais entrevistadas conciben coma necesario que nas **actuacións comunitarias** se teña en consideración as posicións de superioridade que existen na intervención. Ademais, cómpre que as persoas facilitadoras deses espazos conciban a importancia da comunicación horizontal e personalizada, para abordar as posibles barreiras culturais e idiomáticas durante o proceso da actividade comunitaria. Segundo as profesionais das diversas entidades ourensás, as actuacións comunitarias están cheas de **vantaxes**, xa que se abordan as barreiras culturais conxuntamente, existe

unha unión e intercambio, facendo uso dos espazos e recursos públicos da cidade. Outro motivos polos que apostar por estas, é que se conseguen máis cousas cando hai unha abordaxe comunitaria: os vínculos entre as persoas melloran, existe un maior coñecemento e enriquecemento mutuo, e xéranse espazos e redes de apoio nas que sosterse: (...) *“as redes e vínculos que se crear fan máis doado que se vexa revertido no día a día das intervencións individuais” E5 [...] “noutros ambientes máis distendidos é cando realmente coñeces as necesidades que ten a persoa e comprendes mellor porque decide tomar certas decisións (...) é algo máis, crean rede co propio grupo, entre eles e coa sociedade da acollida” E3.*

Ademais, as profesionais describen ese efecto de enriquecemento mutuo que se xera ao participar nos colectivos sociais, culturais, e nas asociacións veciñais, fai que os prexuízos desaparezan ao coñecerse realmente, de ti a ti. (...) *“é algo moi potente, porque enriquece eses lugares onde elas van e enriquecen por suposto os seus vivires, as vida de estas persoas, se lles abre un mundo moi interesante” E7.*

Como **desvantaxes** principais a hora de realizar as actuación comunitarias, serían que os programas dependen de subvencións, polo que os cronogramas de actividades das entidades do terceiro sector dependen de terceiras persoas que aposten por ese tipo de actuacións. (...) *“antes facíamos moitas actividades de rúa, sobre todo cando tiñamos subvencións do concello (...) agora estamos máis limitados porque as subvencións que temos non contemplan este tipo de actividades” E1 [...] “a programación anual depende dos recursos e da financiación” E4*

Outras das **limitacións** detectadas sería que tampouco as actividades actuais permiten participar de forma global. Descríbese a perda da participación cidadá canto máis grande é o núcleo poboacional.

4.3. Papel e Boas Prácticas dende o Traballo Social

Algunhas profesionais describen que o **papel das traballadoras sociais** corresponde a un papel de mediación e asesoramento, sendo mediadoras entre unha cultura e outra, e nexo entre todos os axentes sociais. Outras profesionais destacan un rol de facilitadoras de procesos individuais, grupais e comunitarios, promovendo o cambio social das persoas. Ademais, vincúlase o traballo social coa facilitación de dereitos sociais e

humanos. En relación as habilidades que debe ter a profesional do traballo social, salientase a habilidade da empatía e a tranquilidade. Tamén, o feito de ser organizadas, co fin de conducir da mellor maneira as persoas polos seus procesos vitais.

Como **boas prácticas** salientase que a idea é poder atender o maior número de persoas e darlle unha intervención de calidade, dotándoas das ferramentas necesarias e de información sen prexuízos, entendendo o contexto socio-económico e político específico. (...) *“de aí a importancia do traballo en rede e da sensibilización (...) dotamos as persoas das ferramentas necesarias e de información para que, unha vez teñan todo claro, tomen as súas opcións libremente”*E3

Outra **boa práctica** concordaría con traballar coordinadamente co equipo multidisciplinar. Inclusive, fábase da importancia de crear espazos de encontro igualitarios, para poder construír e deconstruír, e para traballar coa sociedade de acollida nos prexuízos existentes cara esta poboación. (...) *“facer este hilo condutor dende o individual pero tamén ao comunitario, e dicirlle a sociedade que é corresponsable disto (...) e se non está preparada, hai que preparala”*E8

Consecuentemente, **proponse unha mudanza** do imaxinario colectivo da sociedade de acollida desta poboación. Mudando a visión da necesidade e superprotección cara unha visión positiva conforme cubrir postos de traballo, a recuperación xeracional, o mantemento do sistema de pensións e cotizacións etc. Así mesmo, exprésase unha **mudanza** respecto a terminoloxía e metodoloxía empregada dentro da profesión, promovendo acompañamentos que liberen as persoas e alternativas interculturais. (...) *“o concepto intervención social debe ser modificado (...) intervenir en vidas e procesos de xeito no que nos consideramos/impoñamos é prexudicial para o proceso de empoderamento de esa persoa, e do seu proceso de transformación persoal e comunitario”*E7 (...) *“As políticas asimilacionistas son erradas, hai que ir cara outros formas alternativas interculturais e dende o modelo construtivista”*E5

Outras profesionais expoñen **propostas de mellora** dentro dos programas con poboación inmigrante e solicitante de Protección Internacional. Refléxase a necesidade de abordar as necesidades específicas das persoas e de traballar dende o empoderamento, para que, aínda que o programa ou a entidade non exista, poidan seguir cara adiante. (...)

“os programas e os tipos de intervencións débense adaptar as necesidades das persoas (...) cunhas actuacións diferenciadas segundo as súas características”E5 [...] “temos que traballar o enfoque de que si como programa mañá non existimos que pasos vamos da ndo para que as persoas dean o paso comunitario, e aí están os recursos comunitarios (...) temos que poñer en valor os recursos que hai”E4 (...)

5. DISCUSIÓN

Moitas veces as políticas públicas migratorias reproducen o etnocentrismo e androcentrismo occidental, illando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. A cidadanía estase redefinindo no marco da globalización, nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, p. 49-55). A cidadanía constitúese coma unha forma de exclusión, empregada coma base de lexitimación da limitación de dereitos. No contexto social actual, os denominados horizontes colectivos e os intereses xerais desaparecen, facendo que as persoas procuren solucións individualistas (Marchioni *et al.*, 2013, p. 62).

Tendo en conta que dentro da normativa española existen ordenamentos xurídicos que describen os dereitos básicos que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional deberían ter garantidos, é salientable a incongruencia de que a cidadanía non está gozando efectivamente destes dereitos “recollidos normativamente”. Cómpre observar coma a revisión documental e os resultados de investigación confirman que as necesidades e os procesos migratorios poden ser diferenciados, dependendo tanto do grupo de inmigración que chegue, coma da súa situación en múltiples áreas da súa vida. O proceso no que se encontra a persoa é resultado de múltiples factores durante o proceso migratorio e da adaptación á sociedade de acollida. Este proceso converxe un conxunto de perdas e ganancias, nas que as identidades e construcións culturais da persoa vense fragmentadas (Montes, 2022, p. 24-28). Deste xeito, ao considerar dende a teoría, que o proceso migratorio comprende unha transformación na vida da persoa, na concepción de si mesma, e na forma na que se relaciona con outras persoas, é comprensible que as profesionais das entidades identifiquen necesidades vinculadas con

ter unha rede social de apoio e de tecer vínculos coa sociedade de acollida. Paralelamente, o dó migratorio é percibido dende a praxe profesional das persoas participantes no estudo. Este dó migratorio é consecuencia dos múltiples cambios na persoa: dende a súa situación administrativa no país de acollida, a existencia ou inexistencia de redes sociais e de apoio, o nivel de comunicación e habilidades sociais que ten a persoa, así coma, o seu desenvolvemento profesional na sociedade de acollida (Montes, 2022, p. 28).

Segundo os resultados acadados, existe unha necesidade común respecto a cobertura das necesidades básicas en canto a ter os recursos suficientes para vivir dignamente, coma sentirse persoas cos seus dereitos humanos respectados. Outras das necesidades principais están vinculadas con ter unha vivenda digna, asesoramento administrativo, e asesoramento laboral (permiso de traballo). Así mesmo, tanto a consulta documental coma os resultados da investigación denotan a existencia de trabas administrativas e longos procesos administrativos, que dificultan a regularización da situación administrativa da persoa. Ao mesmo tempo, estas barreiras administrativas poden causar dificultades no proceso de adaptación ao contexto da sociedade receptora debido “o descoñecemento do idioma, as dificultades para acceder a un emprego digno e o debilitamento da rede de apoio do país de orixe” (Maya *et al.*, 2013, p. 87-88).

Igualmente, dentro do imaxinario colectivo da sociedade de acollida cara estas persoas hai un compoñente que ten que ver co racismo. A visión que a sociedade ten sobre este fenómeno migratorio móstrase coma prexudicial, ao concibir a mobilidade coma unha crise migratoria (Lacomba, 2020, p. 319), considerándoa soamente dende un punto de vista utilitarista que desbota todas as riquezas culturais e sociais que xorden ao interrelacionarse. Non obstante, tamén co-existe unha percepción dos movementos migratorios coma unha contribución cara unha nova orde social, xerando unha sociedade máis intercultural, diversa e flexible (Gascón, 2006, p. 99).

No contexto social actual, concíbese unha dimensión da exclusión respecto a participación dentro da comunidade. As profesionais das entidades sociais da cidade de Ourense observan coma as persoas mígrante conciben os espazos comunitarios coma lugares incomfortables, provocando que, non participen na vida social da comunidade de acollida. Atendendo aos resultados teóricos e empíricos do estudo, as situacións de

exclusión social poden provocar fendas para a integración comunitaria e o diálogo cultural. Polo que, é imprescindible a conexión entre a intervención individual e familiar coa comunitaria (Gascón, 2006, p. 104).

Tendo en conta o anterior, as boas prácticas do Traballo Social conformarían o deber de loitar contra o debilitamento dos vínculos sociais e o aumento das situacións de desigualdade, avogando pola Intervención Comunitaria coma ferramenta de “mellora das condicións de vida da poboación interesada”, así coma para afrontar os fluxos migratorios. Ao mesmo tempo, a participación da poboación na acción comunitaria ten en conta o recoñecemento das potencialidades das persoas coma suxeitos activos de dereito (Lacomba, 2020, p. 308). Esta necesidade común en relación a xerar espazos de encontro é percibida pola meirande parte das profesionais entrevistadas. Entre as propostas dende o traballo social coa poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, a teoría mostra coma “recupéranse elementos relacionados co traballo comunitario, coma a creación de redes ou de grupos de axuda mutua, mentres que outras incorporan enfoques de empoderamento, capacidades, dereitos ou xénero” (Lacomba, 2020, p.309). Este feito relacionase coa existencia de actividades grupais de tipo formativo, lúdicas, grupos de axuda mutua e assembleas, dentro das entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. En canto as actuacións comunitarias, as profesionais remarcan a importancia das actividades de sensibilización, xa que a idea é poder atender ó maior número de persoas, dándolles unha intervención de calidade, facilitando información e as ferramentas necesarias para que a persoa tome as súas decisións libremente. Na mesma liña, descríbese ese efecto de enriquecemento mutuo, unión e intercambio que se xera ao participarnos colectivos sociais, culturais, e nas asociacións veciñais. Especialmente, as profesionais entrevistadas comprenden o comunitario coma un aspecto que permite innovar dende a profesión do Traballo social, facendo posible un vínculo máis horizontal e próximo entre profesionais e as persoas participantes, xerando espazos e redes de apoio.

Considérase relevante que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308), xa que o Traballo Social contempla “unha ética do compromiso coa cidadanía, que promove o benestar social e a protección social” (Rodríguez, 2016, p. 66). Deste xeito, concíbese a metodoloxía intercultural coma a máis

adecuada, debido a que vai un paso máis aló, salientando a importancia das interrelacións, a tolerancia bidireccional e a cohesión social (Verdía, 2022, p.44 -45) Ademais, débense ter en conta uns eixos vertebradores na práctica social, que permitan afrontar os mecanismos estruturais de dominación nos espazos multiculturais. Finalmente, as persoas entrevistadas aseguran que o papel da traballadora social sería o de promover cambios sociais, facilitando espazos de encontro e de diálogo intercultural, sendo nexo de unión entre culturas, coma entre o individual e comunitario; adquirindo un rol de facilitadoras de procesos persoais, individuais e comunitarios e de dereitos.

6. CONCLUSIÓNS

Esta investigación revelou a importancia das redes sociais dentro dos grupos sociais, ademais da necesidade existente de que dende a profesión do social, promóvanse vínculos de apoio comunitario e grupal coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional.

O proceso no que se encontra a persoa é resultado de múltiples factores durante o proceso migratorio e da adaptación á sociedade de acollida. Consecuentemente, detéctanse múltiples necesidades e demandas dentro de estes colectivos. Cómpre salientar que as necesidades son diferenciadas segundo o grupo de poboación, e segundo a situación persoal nas diversas áreas da súa vida. A demanda principal de esta poboación é cobertura das súas necesidades básicas, respecto a recursos materiais suficientes para vivir dignamente e sentirse cos seus dereitos sociais respectados. Tamén, observouse a necesidade de asesoramento administrativo e de ter unha rede social de apoio. Outra necesidade é vencellada coa adquisición dun traballo digno e o permiso de traballo. A realidade é que para este sector da poboación, existen barreiras que vense na obriga de superar, en relación as súas características persoais (discapacidade, idioma, relixión, situación administrativa, saúde, habilidades sociais) e demais factores (racismo, desinformación, prexuízos, marxinalización, violencia, choques culturais, trabas administrativas, dó migratorio). Debido ao sistema social actual, esta poboación acaba sufrindo múltiples situacións de exclusión social, provocando que non participen nos espazos comunitarios da sociedade de acollida.

Ao detectar estas necesidades, a obriga da traballadora social é a de procurar cubrir ditas necesidades básicas, dende a intervención máis asistencial ata o acompañamento da persoa no seu proceso vital e na busca dun espazo comunitario no que pertencer. Así, as actuacións grupais e comunitarias que desempeñan as diversas entidades do terceiro sector da cidade de Ourense con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, pretenden sustentar e fortalecer as redes de apoio de esta poboación, levando a cabo actividades grupais de tipo formativas, lúdicas e de apoio mutuo, facilitando os vínculos sociais e de pertenza entre as persoas participantes. As actividades grupais formativas que as profesionais describiron, seguen protocolos de interese, nas que se realizan formacións, charlas e obradoiros, resolvendo dúbidas comúns e fomentado a educación en conxunto. As actividades lúdicas, comprenderon actividades de contextualización das festas culturais da sociedade de acollida, compartindo costumes e acudindo e/ou realizando actividades de ocio coa entidade. Nos grupos de axuda mutua créanse espazos nos que aínda que haxa grupos de persoas con características diferentes, se entenden a perfección. Estes, teñen un efecto empoderante, que van máis alá do que se poida ter a nivel individual. Por outra banda, nas asembleas, abórdanse conflitos que parecen individuais, pero que son comúns entre as persoas participantes.

Por tanto, salientase coma as actuacións de sensibilización e comunitarias interculturais fomentan o respecto mutuo, a creación de conexións coa sociedade de acollida, e deconstrúense discursos de odio e prexuízos. No desenvolvemento das prácticas comunitarias, hai un predominio conforme realizar actividades interculturais, nas que existan un intercambio entre as persoas participantes. Daquela, existen entidades que avogan pola abordaxe integral, xa que os acompañamentos individuais encóntranse vinculados coas actividades grupais e comunitarias. Para abordar as posibles barreiras culturais e idiomáticas durante o proceso das actividades grupais e comunitarias, tense en conta as necesidades das persoas participantes, a través dunha comunicación horizontal e personalizada. Todas estas actuacións fan posible que os vínculos relacionais melloren, existindo un maior coñecemento e enriquecemento mutuo, así coma xerando espazos e redes de apoio coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional.

Deste xeito, considérase relevante que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica. O papel da traballadora social ten unha dobre función:

sendo axente de cambio que sensibilice e medie coa sociedade de acollida, así coma, promovendo a inclusión das persoas nos espazos comunitarios, co fin último de facilitar os seus procesos vitais e dereitos sociais. En relación as boas prácticas, describiuse que, a idea é poder atender o maior número de persoas e darlle unha intervención de calidade, dotándoas das ferramentas necesarias e de información sen prexuízos por parte do equipo multidisciplinar. Inclusive, fálase da importancia de facilitar espazos de encontro igualitarios e de diálogo intercultural, para poder construír e deconstruír. Así mesmo, a facilitación de espazos contribúen a mudar a relación entre profesional e persoa usuaria dun recurso e/ou participante nun programa, xa que ten o poder de establecer vínculos que noutro tipo de acompañamentos/intervencións non serían. Estes espazos servirían coma ponte de intercambio cultural e coma un instrumento de empoderamento e de ocupación de espazos na sociedade de acollida.

En resumo, a sociedade de acollida ten a obriga de redefinirse á realidade actual. A disciplina do traballo social, será o nexos condutor entre as múltiples realidades existentes, acompañando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional no seu proceso de chegada á sociedade de acollida. As ferramentas principais serán as actuacións comunitarias e grupais, facendo posible xerar espazos de encontro, así coma, compartir experiencias, saberes e sentires. Para facer fronte ao individualismo e aos imaxinarios e discursos de odio existentes, nas entidades do terceiro sector traballarase dende o coñecemento mutuo, construíndo ideas novas e deconstruíndo antigos preconceitos. En definitiva, reclámase unha abordaxe colectiva e comprometida coas múltiples realidades existentes, tomando en conta estes eixos vertebradores, e comprendendo que a práctica do Traballo Social vai máis aló de prover recursos e da mera intervención asistencial, comprometéndose colectivamente coas comunidades.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Buraschi, D., e Aguilar-Idáñez, M. J. (2017). Ferramentas conceptuais para un antirracismo crítico-transformador. *Tabula Rasa*, nº 26, 171-191. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6244708>
- Gascón Navarro, N. (2006). Procesos de intervención e aspectos psicosociales na inmigración. *Trabajo Social Hoy* (nº extra 2. Monográfico: Trabajo Social e

Inmigración). Colexio Oficial de diplomados en Traballo Social e AA.SS. Madrid. 5-214.

- Giménez Romero, C. (2013). Promovendo a convivencia cidadán intercultural nos barrios de alta diversidade. Ideas e experiencias para unha praxis comunitaria. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.). Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios, (Capítulo primeiro) 36-57. Editorial Tirant lo Blanch.
- Lacomba, J. (2020). Unha revisión do Traballo Social con migrantes e refuxiados. Construindo novas bases teóricas e metodolóxicas. *Ehquidad: La Revista Internacional de Políticas de Bienestar y Trabajo Social*, nº 14, 293-332. <https://www.redalyc.org/pdf/6721/672174479011.pdf>
- Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, Boletín Oficial do Estado, 263, do 31 de outubro de 2009. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-17242>
- Lei 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, Boletín Oficial do Estado, 299, do 12 de decembro de 2009. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2009-19949>
- Marchioni, M., Morin, L. M., e Álamo, J. (2013). Metodoloxía da intervención comunitaria. Os procesos comunitarios. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.), Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios, (Capítulo segundo), 58-72. Editorial Tirant lo Blanch.
- Maya-Jariego, I., Ramos, D. H., Ramos, I., & Soriano, F. J. S. (2013). Dinámicas que permiten o tránsito entre distintas formas de relación: participación, sentido de pertenza e identidade compartida. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.), Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios, (Capítulo terceiro), 74-101. Editorial Tirant lo Blanch.
- Montes Arena, D. (2022). Achegamento do Traballo Social ao proceso do dó migratorio. *Traballo Social Hoy*, nº 96, 23-36. doi:10.12960/TSH 2022.0008
- Organización Internacional para as Migracións (2023). Definición da OIM do termo “Migrante”. <https://www.iom.int/es/definicion-de-la-oim-del-termino-migrante>
- Peláez-Paz, C., e Sanz-Abad, J. (2018). Migración e cidadanía. A lóxica da asignación de dereitos na acción social. *Cuadernos de trabajo social*, nº1 (31), 47-57.



- Rodríguez Álvarez, M. D. (2016). A intervención do traballador social desde as redes sociais en traballo social comunitario: fundamentos, dimensións e competencias. Zerbitzuan: Gizarte zerbitzuetarako aldizkaria=Revista de servizos sociais, nº61, 65-78. doi: 10.5569/1134-7147
- Rossell, T. (1998). Trabajo social de grupo: grupos socioterapéuticos e socioeducativos. Cuadernos de traballo social, nº11, 103-122. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=119503>
- Sánchez Nimo, S. M. (2018). “Refugees Welcome”; Unha aproximación ao Traballo Social con refuxiados aplicando o modelo de intervención en crise. Cuadernos de Trabajo Social, nº1 (31), 109-120. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6664066>
- Verdía Varela, V. (2022). Comunidades de orixe inmigrada en Galicia: procesos de integración e estratexias de mantemento lingüístico e cultural. [Tese de doutoramento, Universidade Da Coruña]. Repositorio da Universidade da Coruña. Dispoñible en: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/31190>